

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

11324 *Orde FOM/1882/2012, do 1 de agosto, pola que se aproban as condicións xerais de contratación dos transportes de mercadorías por estrada.*

A Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías, afectou notablemente o contido das condicións xerais de contratación do transporte de mercadorías por estrada actualmente vixentes, aprobadas pola Orde do Ministerio de Fomento do 25 de abril de 1997.

A disposición derogatoria única da citada lei, aínda que declara vixentes as ditas condicións en canto non resulten contrarias aos seus propios preceptos, sinala que se deberán, non obstante, adaptar, co obxecto de alcanzar unha coherencia plena entre os contidos de ambas as normas.

Para tal efecto, a disposición derradeira terceira da lei faculta o ministro de Fomento para aprobar unhas novas condicións xerais. En idéntico sentido, xa o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, habilitaba, no seu artigo 13, o ministro para aprobar tales condicións xerais, oídos o Consello Nacional de Transportes Terrestres, o Comité Nacional do Transporte por Estrada e as asociacións representativas dos usuarios do transporte de mercadorías por estrada.

De acordo con estes preceptos, estas condicións serán aplicables de forma subsidiaria ao que libremente pacten as partes nos correspondentes contratos, contribuíndo así á clarificación das relacións mercantís entre cargadores e transportistas.

Para facilitar unha comprensión harmonizada do conxunto de regras que definen os dereitos e obrigas dos contratantes de transportes por estrada optouse por reproducir unha boa parte dos preceptos da Lei do contrato, desenvolvendo aquelas cuestións que así o requirían, entre as cales cabe destacar a inclusión da fórmula de revisión de prezos por variacións do prezo do gasóleo ou a fixación de determinados prazos e horarios para o cumprimento das obrigas recíprocas. Desta maneira preténdese incluír nun só documento todas as normas que afectan os dereitos, as obrigas e as responsabilidades das partes nos contratos de transporte de mercadorías por estrada.

Durante a tramitación tivéronse en conta os informes emitidos polo Comité Nacional do Transporte por Estrada, polo Consello Nacional de Transportes Terrestres e polas asociacións máis representativas dos cargadores e usuarios do transporte de mercadorías por estrada.

Na súa virtude, de conformidade coa disposición derradeira terceira da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías, e o artigo 13 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. Aprobación das condicións xerais de contratación dos transportes de mercadorías por estrada.

De acordo co que se establece na disposición derradeira terceira da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías (en diante, Lei do contrato) e no artigo 13 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, apróbanse as condicións xerais de contratación dos transportes de mercadorías por estrada incluídas como anexo desta orde.

As referidas condicións de contratación serán de aplicación, con carácter xeral, na contratación de calquera clase de servizos de transporte de mercadorías por estrada, sexan cales foren as súas características concretas ou as da mercadoría transportada, salvo que se dispoña outra cousa nunhas condicións especialmente establecidas para a modalidade de transporte de que se trate.

Artigo 2. Alcance da aplicación das condicións de contratación.

1. En ausencia de pacto expreso no correspondente contrato singular, as partes poderán exixirse mutuamente o seu cumprimento conforme as condicións xerais incluídas como anexo desta orde, as cales terán, en todo caso, carácter supletorio daquel.

Tratándose de contratos de adhesión, unicamente se poderán modificar estas condicións cando as que se establezan resulten máis beneficiosas para o adherente.

2. Conforme o que se dispón nos artigos 1.255 e 1.275 do Código civil e no 53 do Código de comercio, carecerán de eficacia os pactos das partes que sexan contrarios ás leis.

Cando a citada ineficacia afecte a totalidade dos pactos celebrados entre as partes, o contrato rexeráse en todos os seus aspectos polas condicións previstas nesta orde. Se só afecta algún ou algúns deses pactos, estes teranse por inexistentes, aplicaranse á materia que constituía o seu contido as condicións previstas nesta orde e conservarán a súa validez os demais.

3. Non obstante o previsto nos puntos anteriores, as condicións xerais 5.2, 7.1, 7.2, 7.4, 7.5, 7.6, 7.7, 7.8, 7.9, 7.10, 7.11, 7.12, 7.13, 7.14, 7.15 e 7.16 terán en todo caso carácter imperativo, así como calquera outra que igualmente reproduza o contido de normas legais de carácter imperativo.

Artigo 3. Transporte contratado no marco dunha operación loxística.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei do contrato, cando se asuma a obriga de transportar mercadorías no marco dunha operación loxística de contido máis amplo, os dereitos, obrigas e responsabilidades relativos ao dito transporte rexeranse polo disposto na Lei do contrato, e aplicaranse, así mesmo, co alcance indicado no artigo 2, as condicións xerais de contratación incluídas no anexo desta orde.

Artigo 4. Transporte contratado no marco dunha operación de auxilio en estrada.

Cando se asuma a obriga de transportar un vehículo avariado no marco dunha operación de auxilio en estrada de contido máis amplo, os dereitos, obrigas e responsabilidades relativos a ese transporte rexeranse, co alcance indicado no artigo 2, polo disposto nas condicións xerais de contratación incluídas no anexo desta orde.

Non obstante, as condicións incluídas baixo a epígrafe 3 do dito anexo («Prezo e gastos do transporte») só resultarán de aplicación cando o transporte realizado non deba ser conceptualizado polas súas características como privado complementario.

Na aplicación a estes transportes das causas e presuncións de exoneración de responsabilidade sinaladas nas ditas condicións xerais, terase en conta a concorrencia das circunstancias de urxencia, protección da seguridade viaria e restablecemento do tráfico, inherentes á actividade de auxilio en estrada.

Artigo 5. Contratación do transporte en nome propio.

1. Os contratos de transporte de mercadorías presupóñense celebrados en nome propio. Excepcionalmente poderase alegar a contratación en nome alleo cando se acredite que así se fixera constar de forma expresa e suficiente no momento de contratar, con indicación a identidade da persoa en cuxo nome se contrata, e sempre que a intermediación se realice con carácter gratuíto.

2. Os empresarios transportistas, as cooperativas de traballo asociado dedicadas ao transporte, as cooperativas de transportistas e sociedades de comercialización de transportes, os operadores e axencias de transporte, os transitarios, os almacenistas-distribuidores, os operadores loxísticos, así como calquera outro que contrate habitualmente transportes ou intermedie habitualmente na súa contratación, só os poderán contratar en nome propio.

Artigo 6. Independencia do contrato celebrado entre o cargador e un operador de transporte co celebrado entre este e o transportista.

1. De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei do contrato, o transportador que contrate co cargador responderá fronte a este da realización íntegra do transporte

conforme o previsto na dita lei, aínda cando non a leve a cabo por si mesmo en todo ou en parte.

Pola súa parte, cando o transportador que contratou directamente co cargador contrate, pola súa vez, a realización efectiva da totalidade ou unha parte do transporte con outro transportador, quedará obrigado fronte a este como cargador conforme o disposto na mencionada lei e no contrato que con el celebrou.

2. Como consecuencia do que se sinala no punto anterior, os termos do contrato celebrado entre un cargador e un operador de transporte de mercadorías (axencia de transporte, transitario, operador loxístico ou almacenista-distribuidor) non predeterminan os do celebrado como consecuencia entre o dito operador e o transportista que efectivamente vaia realizar o transporte.

Aplicaranse, por tanto, a cada un dos mencionados contratos as condicións que correspondan conforme o disposto nesta orde, sen que a isto afecten as que resulten de aplicación ao outro.

Outro tanto sucederá cando o transportista que contratase co cargador efectivo encomende, a seguir, a realización, total ou parcial, do transporte a outro transportista.

Artigo 7. *Aplicación do réxime de responsabilidade ás diversas accións.*

De conformidade co disposto no artigo 63 da Lei do contrato, o réxime de responsabilidade previsto nos supostos recollidos no número 7 destas condicións será aplicable a toda acción que persiga unha indemnización por danos e perdas derivados do transporte, con independencia de cal sexa o procedemento a través do que se exerza ou o seu fundamento contractual ou extracontractual, tanto se se fai valer fronte ao transportador como se se dirixe contra os seus auxiliares.

Disposición transitoria única. *Aplicación a contratos preexistentes.*

As condicións xerais de contratación aprobadas nesta orde serán de aplicación a todos os contratos que se celebren desde a súa entrada en vigor.

Así mesmo, aplicaranse a todas as operacións de transporte que se realicen en execución de contratos de transporte celebrados con anterioridade á mencionada data, cando a entrega do envío ao transportista teña lugar a partir dos tres meses seguintes á entrada en vigor da presente orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

Queda derogada a Orde ministerial do 25 de abril de 1997 pola que se establecen as condicións xerais de contratación dos transportes de mercadorías por estrada.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto na regra 6.^a do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia en materia de lexislación mercantil.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación á Dirección Xeral de Transporte Terrestre.*

A Dirección Xeral de Transporte Terrestre adoptará as medidas que resulten adecuadas para o cumprimento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 1 de agosto de 2012.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.

ANEXO

Condicións xerais de contratación dos transportes de mercadorías por estrada

ÍNDICE

1. Definicións:
 - 1.1 Contrato de transporte de mercadorías por estrada.
 - 1.2 Transportista.
 - 1.3 Operador de transporte de mercadorías.
 - 1.4 Cargador.
 - 1.5 Transportador.
 - 1.6 Destinatario.
 - 1.7 Expedidor.
 - 1.8 Envío.
 - 1.9 Vulto.
2. Carta de porte:
 - 2.1 Concepto.
 - 2.2 Exixibilidade da carta de porte.
 - 2.3 Contido da carta de porte.
 - 2.4 Contido da carta de porte en supostos especiais.
 - 2.5 Emisión e número de exemplares da carta de porte.
 - 2.6 Forza probatoria da carta de porte.
 - 2.7 Carta de porte electrónica.
 - 2.8 Condicións de elaboración da carta de porte electrónica.
 - 2.9 Sinatura da carta de porte electrónica.
 - 2.10 Funcionamento da carta de porte electrónica.
 - 2.11 Outros documentos destinados a completar a carta de porte electrónica.
3. Prezo e gastos do transporte:
 - 3.1 Determinación do prezo dos servizos de transporte.
 - 3.2 Pesaxe do envío para efectos de determinar o prezo do transporte.
 - 3.3 Seguro de danos.
 - 3.4 Revisión do prezo do transporte por estrada en función da variación do prezo do gasóleo.
 - 3.5 Descontos aplicables.
 - 3.6 Obrigado ao pagamento.
 - 3.7 Exixibilidade do pagamento do prezo e gastos de transporte.
 - 3.8 Depósito e alleamento por falta de pagamento.
 - 3.9 Exixibilidade do pagamento en caso de execución parcial.
 - 3.10 Forma de pagamento.
 - 3.11 Demora no pagamento do prezo e gastos do transporte.
4. Entrega do envío ao transportador:
 - 4.1 Idoneidade do vehículo.
 - 4.2 Acceso aos lugares de carga do envío.
 - 4.3 Posta á disposición do vehículo para a súa carga.
 - 4.4 Entrega efectiva do envío.
 - 4.5 Exixencia de carta de porte.
 - 4.6 Acondicionamento e identificación das mercadorías.
 - 4.7 Etiquetaxe dos vultos.
 - 4.8 Soportes da mercadoría.
 - 4.9 Documentación do envío.

- 4.10 Recoñecemento externo das mercadorías.
- 4.11 Exame das mercadorías.
- 4.12 Rexeitamento de vultos.
- 4.13 Inexistencia de reservas do transportador.
- 4.14 Carga do envío.
- 4.15 Manipulación do vehículo para a súa carga.
- 4.16 Prazo para realizar a carga.
- 4.17 Indemnización por paralizacións na carga.

- 5. Transporte do envío:
 - 5.1 Custodia e transporte.
 - 5.2 Supostos de responsabilidade do transportador.
 - 5.3 Inicio da responsabilidade do transportador.
 - 5.4 Itinerario do transporte.
 - 5.5 Determinación da lonxitude do itinerario.
 - 5.6 Dereito de disposición.
 - 5.7 Exercicio do dereito de disposición.
 - 5.8 Extinción do dereito de disposición.
 - 5.9 Cumprimento das normas das administracións públicas.
 - 5.10 Imposibilidade de levar a cabo o transporte nas condicións pactadas.
 - 5.11 Depósito das mercadorías.
 - 5.12 Alleamento forzoso das mercadorías.
 - 5.13 Risco de perda ou dano das mercadorías.
 - 5.14 Aplicación do resultado da venda.

- 6. Entrega do envío en destino:
 - 6.1 Prazo e lugar de entrega do envío ao destinatario.
 - 6.2 Documentación da entrega en destino.
 - 6.3 Dereitos do destinatario.
 - 6.4 Entrega contra reembolso.
 - 6.5 Incidencias na entrega.
 - 6.6 Depósito e alleamento das mercadorías por incidencias na entrega.
 - 6.7 Acceso aos lugares de entrega do envío.
 - 6.8 Descarga das mercadorías.
 - 6.9 Manipulación do vehículo para a súa descarga.
 - 6.10 Prazo para realizar a descarga.

- 7. Perdas, avarías ou atraso na entrega:
 - 7.1 Reservas por perdas, avarías ou atraso na entrega.
 - 7.2 Indemnización por atraso.
 - 7.3 Estado das mercadorías no momento de entrega ao destinatario.
 - 7.4 Indemnización por perdas.
 - 7.5 Indemnización por avarías.
 - 7.6 Valor das mercadorías.
 - 7.7 Supostos de equiparación a perda total.
 - 7.8 Reembolso doutros gastos.
 - 7.9 Causas de exoneración.
 - 7.10 Presuncións de exoneración.
 - 7.11 Transporte de animais vivos.
 - 7.12 Transporte con vehículos especialmente acondicionados.
 - 7.13 Recuperación das mercadorías perdidas.
 - 7.14 Límites da indemnización.
 - 7.15 Perda do beneficio de limitación.
 - 7.16 Declaración de valor e de interese especial na entrega.

8. Regras especiais para os contratos de transporte continuado:
 - 8.1 Transporte continuado.
 - 8.2 Formalización dos contratos de transporte continuado.
 - 8.3 Revisión do prezo inicialmente pactado.
 - 8.4 Pagamento periódico do prezo dos servizos.
 - 8.5 Extinción dos contratos de transporte continuado.
9. Regras especiais para os contratos de transporte de paquetería e similares:
 - 9.1 Carga e descarga na paquetería.
 - 9.2 Prazo de entrega da mercadoría ao destinatario.
 - 9.3 Depósito e alleamento de envíos de paquetería.
10. Regras especiais para os contratos de transporte de mercadorías perigosas:
 - 10.1 Suxeitos do contrato de transporte de mercadorías perigosas.
 - 10.2 Documentación do transporte de mercadorías perigosas.
 - 10.3 Descarga de combustibles exclusivamente utilizados para usos domésticos.
11. Regras especiais para os contratos de transporte con transportadores sucesivos:
 - 11.1 Contrato con transportadores sucesivos.
 - 11.2 Exercicio de reclamacións.
 - 11.3 Acción de repetición entre transportadores sucesivos.

1. Definicións

1.1 En virtude do contrato de transporte de mercadorías por estrada, o transportador obrígase fronte ao cargador a cambio dun prezo a trasladar mercadorías dun lugar a outro por estrada e pólas á disposición do destinatario, utilizando medios mecánicos con capacidade de tracción propia.

1.2 Transportista é o titular dunha empresa especialmente concibida e equipada para a realización material de transportes de mercadorías por estrada por conta allea cos seus propios medios persoais e materiais, e que, para o efecto, dispón dun ou máis vehículos adecuados con capacidade de tracción propia, ben en propiedade ou en virtude de calquera outro título permitido pola lexislación vixente.

1.3 Operador de transporte de mercadorías é o titular dunha empresa que, xa sexa baixo a denominación comercial de axencia de transporte, transitario, almacenista-distribuidor ou operador loxístico, se dedica a intermediar na contratación do transporte de mercadorías, actuando como organización interposta entre os cargadores e os transportadores que contrata en nome propio tanto con uns como con outros.

1.4 Cargador é quen contrata en nome propio a realización dun transporte e fronte ao cal o transportador se obriga a efectualo.

Cando a realización do transporte sexa requirida ao transportador polo persoal dunha empresa no exercicio das funcións que nesta teña atribuídas, presumirase, salvo proba en contrario, que contrata en nome da dita empresa. Por conseguinte, correspóndelle a esta a posición de cargador no contrato.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 4.1 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

1.5 Transportador é quen asume a obriga de realizar o transporte en nome propio con independencia de que o execute polos seus propios medios ou contrate a súa realización con outros suxeitos.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 4.2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

1.6 Destinatario é a persoa a quen o transportador debe entregar as mercadorías no lugar de destino.

Poderá ser destinatario das mercadorías o propio cargador ou unha persoa distinta.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 4.3 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

1.7 Expedidor é o terceiro que, por conta do cargador, fai entrega das mercadorías ao transportista no lugar de recepción da mercadoría.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 4.4 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

1.8 Envío é a cantidade de mercadoría, embalaxes e soporte da carga incluídos que un cargador entrega simultaneamente a un transportador para o seu transporte e entrega a un único destinatario, desde un único lugar de carga a un único lugar de destino, ben que un só contrato poderá ter por obxecto o transporte de múltiples envíos dun mesmo cargador.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, cando existan diferentes puntos de carga ou de descarga situados dentro dun mesmo establecemento industrial ou comercial ou en distintos enclaves dunha mesma obra ou explotación, serán considerados como un único lugar de carga ou descarga.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polos artigos 7.2 e 7.3 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

1.9 Vulto é cada unidade material de carga diferenciada que forman as mercadorías obxecto de transporte, con independencia do seu volume, dimensións e contido.

Cando as mercadorías que integran o vulto estean embaladas, considerarase que a embalaxe forma parte integrante do vulto.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 7.1 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

2. Carta de porte

2.1 Concepto:

Denomínase carta de porte o documento en que se fagan constar todas ou unha parte das condicións de realización do transporte contratado, que se deberá suxeitar ao disposto na Lei do contrato de transporte terrestre de mercadorías e nestas condicións xerais de contratación.

Cando o contrato comprenda o transporte de diversos envíos, poderase exixir a emisión dunha carta de porte para cada envío.

Cando o envío se distribúa en varios vehículos, o transportador ou o cargador poderán exixir a emisión dunha carta de porte por cada vehículo.

O disposto no último parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 10.4 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

2.2 Exixibilidade da carta de porte:

A carta de porte non é un documento obrigatorio. A ausencia ou irregularidade da carta de porte non producirá a inexistencia ou a nulidade do contrato.

Non obstante, calquera das partes do contrato poderalle exixir á outra que se expida unha carta de porte.

Cando a parte contratante requirida para formalizar a carta de porte se negue a iso, a outra poderaa considerar desistida do contrato.

O cargador e o transportador responderán dos gastos e prexuízos que deriven da inexactitude ou insuficiencia dos datos que lles corresponda incluír na carta de porte.

O disposto no primeiro, terceiro e cuarto parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polos artigos 13.1, 10.6 e 10.7, respectivamente, da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

2.3 Contido da carta de porte:

Como regra xeral, a carta de porte incluirá as seguintes mencións:

- a) Lugar e data da súa emisión.
- b) Nome e enderezo do cargador e, se é o caso, do expedidor.
- c) Nome e enderezo do transportador e, se é o caso, do terceiro que reciba o envío para o seu transporte.
- d) Lugar e data da recepción do envío polo transportador.
- e) Lugar e, se é o caso, data prevista de entrega do envío en destino.
- f) Nome e enderezo do destinatario, así como, eventualmente, un domicilio onde este poida recibir notificacións.
- g) Natureza das mercadorías que integran o envío, así como o número de vultos e os seus signos e sinais de identificación.
- h) Identificación do carácter perigoso da mercadoría enviada, así como da denominación prevista na lexislación sobre transporte de mercadorías perigosas, cando así corresponda.
- i) Cantidade de mercadorías enviadas, determinada polo seu peso ou expresada doutra maneira.
- j) Clase de embalaxe utilizada para acondicionar o envío.
- k) Prezo convindo do transporte, así como o importe dos gastos previsibles relacionados co transporte.
- l) Indicación de se o prezo do transporte o paga o cargador ou o destinatario.
- m) Se é o caso, declaración de valor das mercadorías ou de interese especial na entrega, de acordo co disposto na condición 7.16.
- n) Instrucións para o cumprimento de formalidades e trámites administrativos preceptivos en relación coas mercadorías que integran o envío.

Non obstante, a omisión dalgunha das mencións previstas nesta condición non privará de eficacia a carta de porte en canto ás incluídas.

Por outra parte, a carta de porte poderá conter calquera outra mención que sexa convida polas partes.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polos artigos 10.1, 10.2 e 13.2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

2.4 Contido da carta de porte en supostos especiais:

Se é o caso, a carta de porte deberá conter calquera outra mención que exixa a lexislación especial aplicable, por razón da natureza da mercadoría ou por outras circunstancias.

2.5 Emisión e número de exemplares da carta de porte:

A carta de porte emitirase en tres exemplares orixinais, que asinarán o cargador e o transportador.

Será válida a sinatura da carta de porte por medios mecánicos, mediante estampación dun selo ou por calquera outro medio que resulte adecuado, sempre que quede acreditada a identidade do asinante.

O primeiro exemplar da carta de porte será entregado ao cargador, o segundo viaxará co envío e o terceiro quedará en poder do transportador.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 11 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

2.6 Forza probatoria da carta de porte:

A carta de porte asinada por ambas as partes dará fe da conclusión e do contido do contrato, así como da recepción do envío polo transportador, salvo proba en contrario.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 14.1 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

2.7 Carta de porte electrónica:

Se as partes están de acordo, poderán emitir a carta de porte por medios electrónicos con idénticos efectos aos sinalados na condición 2.6.

Neste suposto, a carta de porte deberá consistir nun rexistro electrónico de datos que poidan ser transformados en signos de escritura lexibles.

Así mesmo, poderase realizar por medios electrónicos calquera solicitude, declaración, instrución, orde, reserva ou outra comunicación relativa á execución do contrato de transporte cando as partes así o conviñesen.

O disposto nos dous primeiros parágrafos desta condición dítase en execución dos criterios marcados polos artigos 15.1 e 15.2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

2.8 Condicións de elaboración da carta de porte electrónica:

A carta de porte electrónica conterá as mesmas mencións que se recollen nestas condicións con carácter xeral para toda carta de porte.

O procedemento empregado para a elaboración da carta de porte electrónica deberá garantir a integridade das indicacións que conteña a partir do momento en que foi elaborada. Entenderase que as indicacións manteñen a súa integridade cando sigan estando completas e non sufrisen outras alteracións que as que se poidan producir, se é o caso, como consecuencia da súa normal utilización.

As indicacións contidas na carta de porte electrónica deberanse poder completar ou modificar en todos os supostos previstos nestas condicións con carácter xeral para toda carta de porte, ben que neste caso o procedemento utilizado deberá permitir a detección como tal de toda adición ou modificación e garantir o mantemento das indicacións orixinais.

2.9 Sinatura da carta de porte electrónica:

O contido da carta de porte electrónica deberá ser referendado polo cargador e polo transportador coas súas sinaturas electrónicas.

2.10 Funcionamento da carta de porte electrónica: as partes interesadas na execución do contrato de transporte cuxo contido se pretenda documentar total ou parcialmente nunha carta de porte electrónica deberán convir as regras a que se axustará o seu funcionamento en relación:

- a) Co método para elaborala e remitila.
- b) Coas garantías respecto ao mantemento da súa integridade.
- c) Coa forma en que o titular dos dereitos derivados da carta poderá demostrar que o é.
- d) Coa forma en que se poderá confirmar a súa efectiva entrega ao destinatario.
- e) Cos procedementos que permitirán completar ou modificar o seu contido.
- f) Co procedemento mediante o cal, eventualmente, se poderá substituír a carta de porte electrónica por outra elaborada por un medio distinto.

As referidas regras deberanse sinalar expresamente na propia carta de porte electrónica e a súa aplicación deberá poder ser facilmente verificada.

2.11 Outros documentos destinados a completar a carta de porte electrónica: o cargador poderá remitir ou comunicar en forma electrónica ao transportador calquera outro dos documentos ou informacións mencionados nestas condicións xerais sempre que resulte posible o seu tratamento neste formato e as partes conviñesen o

procedemento para establecer un vínculo entre tales documentos ou informacións e a carta de porte electrónica, de maneira que se garanta a súa integridade.

3. *Prezo e gastos do transporte*

3.1 Determinación do prezo dos servizos de transporte:

O prezo dos servizos de transporte e, se é o caso, o doutros complementarios incluídos no contrato determinarase neste de forma diferenciada, tendo en conta as circunstancias e características particulares de explotación de cada un dos ditos servizos.

Cando nada se pactase, o prezo será o que resulte usual para o tipo de servizo de que se trate na praza e momento en que o transportador deba recibir o envío. En ningún caso se presumirá que o transporte incluído no contrato é gratuíto.

Tampouco se presumirá a gratuidade daquelas actuacións preparatorias ou complementarias do transporte cuxa execución se inclúa no correspondente contrato.

Salvo proba en contrario, presumirase que o referido prezo usual coincide cos custos medios que lle atribúa ao tipo de transporte de que se trate o Observatorio de Custos que, se é o caso, fíxese públicos o Ministerio de Fomento.

Cando o transportador teña publicitados para coñecemento xeral dos seus posibles clientes uns determinados prezos, serán estes os que se apliquen, salvo pacto expreso noutro sentido.

O disposto no segundo parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 39.4 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

3.2 Pesaxe do envío para efectos de determinar o prezo do transporte: se, para determinar o prezo do transporte, unha das partes contratantes solicita a pesaxe do envío, esta operación deberá ser realizada por unha soa vez, ben no lugar de carga ou ben no de descarga. Se para isto é necesario o desprazamento do vehículo ou do envío, o custo do dito desprazamento así como, en todo caso, o da pesaxe, serán soportados por quen os solicitou.

3.3 Seguro de danos: sen prexuízo do disposto na lexislación de defensa dos consumidores e usuarios, sempre que se contrate cun consumidor, o transportador deberao informar, no momento de contratar, acerca da posibilidade de incluír no contrato unha declaración do valor das mercadorías ou dun interese especial na súa entrega, nos termos contidos na condición 7.16, así como de subscribir un seguro que cubra os danos que as mercadorías poidan sufrir ata o límite do seu valor.

O custo do seguro de danos que, se é o caso, se subscriba terá a consideración de gasto de explotación e será repercutible no prezo do transporte.

3.4 Revisión do prezo do transporte por estrada en función da variación do prezo do gasóleo.

Salvo que se pactase expresamente por escrito outra cousa, cando o prezo do gasóleo aumente entre o día de celebración do contrato e o momento de realizar o transporte, o transportador poderá incrementar na súa factura o prezo inicialmente pactado na contía que resulte de aplicar a fórmula que corresponda de entre as seguintes:

a) Vehículos cunha masa máxima autorizada igual ou superior a 20.000 quilogramos, con excepción dos de obras:

$$\Delta P = \frac{G \times P \times 0,3}{100} ;$$

b) Vehículos cunha masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos e inferior a 20.000 quilogramos, con excepción dos de obras:

$$\Delta P = \frac{G \times P \times 0,2}{100} ;$$

- c) Vehículos de obras cunha masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos:

$$\Delta P = \frac{G \times P \times 0,2}{100} ;$$

- d) Vehículos cunha masa máxima autorizada igual ou inferior a 3.500 quilogramos:

$$\Delta P = \frac{G \times P \times 0,1}{100} ;$$

En todas as fórmulas anteriores:

ΔP = cantidade en que o transportador poderá incrementar o prezo contratado na súa factura;

G = índice de variación do prezo medio do gasóleo feito público pola Administración entre o momento en que se contratou o transporte e aquel en que se realizou efectivamente;

P = prezo do transporte establecido ao contratar.

Da mesma maneira, o obrigado ao pagamento do transporte poderá exixir unha redución equivalente do prezo inicialmente pactado cando o prezo do gasóleo se reduza entre a data de celebración do contrato e a de realización efectiva do transporte.

As fórmulas anteriormente sinaladas serán de aplicación automática sempre que o prezo do gasóleo experimente unha variación igual ou superior ao cinco por cento, salvo que, expresamente e por escrito, se pactase outra cousa distinta previa ou simultaneamente á celebración do contrato.

O pacto en contrario considerárase nulo en todos aqueles casos en que teña un contido claramente abusivo en prexuízo do transportador e carecerá de efecto cando se conteña nunhas condicións xerais respecto das que a parte que non as propuxo só poida mostrar a súa aceptación ou rexeitamento global.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 38 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

3.5 Descontos aplicables: unicamente se aplicarán descontos sobre o prezo acordado, xa sexa por razón de volume de negocio, densidade da carga, transporte en circuíto cerrado ou calquera outra circunstancia, cando se pactasen expresamente indicando claramente as súas características e forma de cálculo, así como o seu ámbito de aplicación e condicións de formalización e liquidación.

3.6 Obrigado ao pagamento:

Cando nada se pactase expresamente, entenderase que a obriga do pagamento do prezo do transporte e demais gastos lle corresponden ao cargador.

Cando o destinatario pactase o pagamento do prezo do transporte e os gastos, este asumirá a dita obriga ao aceptar o envío.

Non obstante, o cargador responderá subsidiariamente en caso de que o destinatario non pague.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 37 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

3.7 Exixibilidade do pagamento do prezo e gastos de transporte:

Cando non se pactase outra cousa, o prezo do transporte e os gastos exixibles en virtude dunha operación de transporte deberán ser aboados unha vez cumprida a obriga de transportar e posto o envío á disposición do destinatario.

O pagamento do prezo do transporte unicamente se entenderá diferido cando se pactase expresamente no contrato o período de tempo preciso en que o dito pagamento quedará aprazado, ou ben a data concreta en que se deberá producir ese pagamento.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 39.1 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

3.8 Depósito e alleamento por falta de pagamento:

Salvo que se pactase expresamente un aprazamento do pagamento de conformidade co disposto na condición anterior, se o obrigado a isto se nega a pagar o prezo ou outros gastos ocasionados polo transporte cando o envío chegue a destino, o transportador poderase negar a entregalo ao destinatario, a non ser que se lle garanta o dito pagamento mediante caución suficiente.

Cando o transportador reteña o envío, deberá solicitar ao órgano xudicial ou á xunta arbitral do transporte competente o depósito das mercadorías e o alleamento forzoso das necesarias para cubrir o prezo do transporte e os gastos causados, no prazo máximo de dez días desde que se produciu a falta de pagamento.

O anteriormente disposto será de aplicación sen prexuízo de que, pola súa vez, se aplique o sinalado na condición 3.11 por demora no pagamento cando así corresponda.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 40 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

3.9 Exixibilidade do pagamento en caso de execución parcial:

En caso de execución parcial do transporte, o transportador só poderá exixir o pagamento do prezo e os gastos en proporción á parte executada, sempre que esta reporte algún beneficio para o debedor.

Non obstante, o transportador conservará o seu dereito ao cobramento íntegro cando a inexecución se debese a causas imputables ao cargador ou ao destinatario.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 39.2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

3.10 Forma de pagamento: cando nada se pactase expresamente, o pagamento do prezo do transporte poderase realizar con diñeiro ou a través de calquera outro instrumento con poder liberatorio.

3.11 Demora no pagamento do prezo e gastos do transporte:

O obrigado ao pagamento do transporte incorrerá en mora no prazo de trinta días contados desde a data en que recibiu a factura ou unha solicitude de pagamento equivalente, e deberá pagar o xuro previsto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Cando a data de recibo da factura ou a solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida, así como en todos os casos de autofacturación por parte do obrigado ao pagamento, os trinta días anteriormente sinalados computaranse desde a data de entrega do envío en destino.

O pacto en contrario considerárase nulo en todos aqueles casos en que teña un contido abusivo en prexuízo do transportador, conforme as regras que, para tal efecto, sinala o artigo 9 da Lei 3/2004.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 41 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4. Entrega do envío ao transportador

4.1 Idoneidade do vehículo:

O transportador deberá utilizar un vehículo que sexa adecuado para o tipo e circunstancias do transporte que deba realizar, así como para o acceso e circulación polos lugares en que se deba realizar a carga e descarga, de acordo coa información que lle subministre o cargador.

Cando a realización do transporte fose contratada por un operador do transporte, este responderá fronte ao seu cargador da adecuación dos medios materiais proporcionados

polos transportistas con que contrate, sen prexuízo das accións que, pola súa vez, lle correspondan fronte a estes como cargador en nome propio.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 17 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.2 Acceso aos lugares de carga do envío: cando a carga do envío se deba facer no recinto dun almacén, depósito, obra ou establecemento comercial ou industrial, o transportador deberá cumprir as instrucións que, se é o caso, lle imparta previamente o cargador ou o expedidor en relación co acceso e saída, circulación interior e colocación do vehículo: E, en caso contrario, será responsable dos danos que, como consecuencia do seu incumprimento, se lles poidan ocasionarse ás persoas ou ás edificacións, instalacións ou cousas situadas nese recinto.

4.3 Posta á disposición do vehículo para a súa carga:

O transportador deberá pór o vehículo á disposición do cargador no lugar e tempo pactados. Se nada se pacta respecto á hora, o transportador cumprirá a súa obriga pondo o vehículo á disposición do cargador antes das dezoito horas do día sinalado.

Sempre que o transportador incumpra o prazo pactado ou, en defecto de pacto expreso, exceda a hora indicada no parágrafo anterior, o cargador poderá desistir da expedición de que se trate e buscar inmediatamente outro transportador.

Cando o cargador sufrise prexuízos como consecuencia da demora, e esta for imputable ao transportador, poderá ademais exixir a indemnización que proceda.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 18 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.4 Entrega efectiva do envío:

Cando o transportador puxese o vehículo á disposición para a súa carga nos termos previstos na condición anterior, o cargador deberalle entregar o envío para o seu transporte. En caso de incumprimento, o cargador unicamente poderá optar entre indemnizalo en contía equivalente ao prezo do transporte previsto ou ofrecerlle a realización dun transporte de similares características cuxo envío se encontre inmediatamente dispoñible.

Se o cargador só entrega ao transportador unha parte das mercadorías que debían integrar o envío orixinal, deberá, sen prexuízo do pagamento do prezo do transporte desá parte, aboarlle unha indemnización igual ao prezo do transporte das mercadorías non entregadas, ou ben ofrecerlle a inmediata realización doutro transporte de similares características ao inicialmente convindo.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 19 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.5 Exixencia de carta de porte:

O transportador poderá exixir ao cargador, antes de facerse cargo do envío, que se expida unha carta de porte. A carta de porte así expedida dará fe da recepción do envío por parte do transportador, tal e como se indica na condición 2.6.

A negativa inustificada do cargador a expedir a citada carta de porte unha vez que o transportador puxo á súa disposición o vehículo para a súa carga, equipárase á falta de entrega do envío para o seu transporte. En consecuencia, o transportador poderá, neste caso, negarse, pola súa vez, a realizar o transporte, sen incorrer en responsabilidade ningunha e exixir, ademais, unha indemnización equivalente ao prezo do transporte falido, conforme o previsto na condición anterior. O cargador, pola súa parte poderá exixir, así mesmo, antes de facer entrega do envío ao transportador, que se expida a carta de porte. Se o transportador se nega a isto inustificadamente, o cargador poderá proceder inmediatamente a contratar outro transportador para a realización do transporte. E, se é o

caso, poderá exixir a indemnización que proceda, de conformidade co disposto na condición 4.3.

4.6 Acondicionamento e identificación das mercadorías:

Salvo que se pactase outra cousa, o cargador deberá acondicionar as mercadorías para o seu transporte. Os vultos que compoñen cada envío deberán estar claramente identificados e sinalizados mediante os correspondentes signos, coincidindo coa descrición destes que contén a carta de porte.

Cando a súa natureza ou as circunstancias do transporte así o exixan, as mercadorías deberán ser entregadas ao transportador convenientemente acondicionadas e embaladas, de tal forma que poidan soportar sen menoscabo o seu transporte en condicións normais e non constitúan causa de perigo para o transportador, o seu persoal, as demais mercadorías ou terceiros, e, se é o caso, deberán estar identificadas e sinalizadas mediante as oportunas marcas ou inscricións que avisen do risco que a súa manipulación poida entrañar para as persoas ou para as propias mercadorías.

O cargador responderá ante o transportador dos danos a persoas, ao material de transporte ou a outras mercadorías, así como dos gastos ocasionados por defectos na embalaxe das mercadorías, a menos que tales defectos sexan manifestos ou xa coñecidos polo transportador no momento de se facer cargo do envío e non fixese as oportunas reservas.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 21 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.7 Etiquetaxe dos vultos:

O cargador ou o expedidor etiquetará os vultos que compoñen o envío cando resulte necesaria unha identificación precisa do destinatario ou do lugar de entrega. As mencións das correspondentes etiquetas deberán corresponder coas que, se é o caso, se fixeron constar na carta de porte.

O transportador non será responsable dos posibles erros que se poidan producir na entrega dos vultos en destino que deriven dunha etiquetaxe insuficiente ou inadecuada.

4.8 Soportes da mercadoría:

Os soportes utilizados para o transporte das mercadorías (contedores, palés, caixas, envases etc.) proporcionados polo cargador ou o expedidor forman parte integrante do envío e, salvo que entre as partes exista pacto previo en contrario, non poderán ser obxecto de alugamento ao transportador nin darán lugar a ningunha dedución sobre os custos do transporte, así como tampouco se poderá exixir ao transportador o establecemento ou depósito de ningunha garantía en relación con eles.

O transporte de retorno dos mencionados soportes baleiros constituirá, en todo caso, obxecto dun envío de transporte distinto. Cando o transporte deste envío de retorno dos soportes da mercadoría non se pactase expresamente antes de presentarse o vehículo en destino, non poderá ser exixido ao transportador.

En consecuencia, o cargador só poderá condicionar a entrega de novos envíos de mercadorías previamente contratados á aceptación por parte do transportador da inclusión nestes dos soportes da carga de anteriores envíos se así se pactase expresamente. En caso contrario, a súa negativa á entrega do envío terá as consecuencias previstas na condición 4.4.

4.9 Documentación do envío:

O cargador deberá xuntar á carta de porte ou pór á disposición do transportador a documentación relativa á mercadoría que sexa necesaria para a realización do transporte e de todos aqueles trámites que o transportador deba efectuar antes de proceder á entrega no punto de destino. Para estes efectos, deberalle subministrarlle a información necesaria sobre a mercadoría e os indicados trámites.

O transportador non está obrigado a verificar se estes documentos ou informacións son exactos ou suficientes. O cargador é responsable ante o transportador de todos os danos que poidan resultar da ausencia, insuficiencia ou irregularidade destes documentos e informacións, salvo en caso de culpa por parte do transportador.

O transportador responderá das consecuencias derivadas da perda ou mala utilización dos citados documentos. En todo caso, a indemnización ao seu cargo non excederá a que correspondería en caso de perda da mercadoría.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 23 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.10 Recoñecemento externo das mercadorías:

No momento de se facer cargo do envío, o transportador deberá comprobar o seu estado aparente e o da súa embalaxe, así como a exactitude das mencións da carta de porte relativas ao número e sinais dos vultos.

Os defectos apreciados anotaraos o transportador na carta de porte, mediante a formulación singularizada de reservas suficientemente motivadas.

O transportador que careza de medios adecuados para verificar a coincidencia do número e os sinais dos vultos farao constar xustificadamente na carta de porte.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 25 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.11 Exame das mercadorías:

Cando existan fundadas sospeitas de falsidade verbo da declaración do cargador, o transportador poderá verificar o peso e as medidas das mercadorías, así como proceder ao rexistro dos vultos. Se a declaración do cargador resulta certa, os gastos derivados destas actuacións serán por conta do transportador e, en caso contrario, do cargador.

Estas comprobacións levaraa a cabo o transportador en presenza do cargador ou os seus auxiliares. Cando isto non sexa posible, o recoñecemento e rexistro dos vultos farase ante notario ou en presenza do presidente da xunta arbitral do transporte competente ou da persoa que este designe.

O resultado do recoñecemento farase constar na carta de porte ou mediante acta elaborada para o efecto.

Pola súa parte, tamén o cargador poderá exixir a realización de todas ou algunha destas comprobacións. Neste caso, correrán pola súa conta os gastos ocasionados.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 26 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.12 Rexeitamento de vultos:

O transportador poderá rexeitar os vultos que se presenten mal acondicionados ou identificados para o transporte, que non vaian acompañados da documentación necesaria ou cuxa natureza ou características non coincidan coas declaradas polo cargador. O transportador comunicarlle inmediatamente ao cargador este rexeitamento.

De igual modo, o transportador poderá supeditar a admisión dos vultos á aceptación das reservas que se propoña formular na carta de porte, e deixará constancia dos defectos apreciados.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 27 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.13 Inexistencia de reservas do transportador:

En ausencia de reservas do transportador na carta de porte, ou en documento separado asinado polo transportador e polo cargador ou expedidor, presumirase que as mercadorías e a súa embalaxe se encontraban no estado descrito na carta de porte e cos signos e sinais indicados nela no momento da súa entrega ao transportador.

Sempre que resulte procedente para determinar o seu alcance e xustificación, o transportador deberá motivar as reservas que, se é o caso, formule.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 14.2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.14 Carga do envío:

As operacións de carga do envío a bordo do vehículo serán por conta do cargador, salvo que o transportador asumise expresamente a súa realización antes da efectiva presentación do vehículo para a súa carga. Igual réxime será de aplicación respecto da estiba das mercadorías.

O cargador soportará as consecuencias dos danos derivados das operacións que lle corresponda realizar de conformidade co sinalado no parágrafo anterior.

Non obstante, o transportador responderá dos danos sufridos polas mercadorías debidos a unha estiba inadecuada cando tal operación a levase a cabo o cargador seguindo as súas instrucións.

Estas regras non se aplicarán cando a normativa reguladora de determinados tipos de transporte estableza especificamente outra cousa.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 20.1, 2 e 4 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

4.15 Manipulación do vehículo para a súa carga: as operacións que se deban realizar no vehículo ou nos seus elementos co fin de posibilitar a súa adecuada carga ou de asegurar a integridade do envío durante o seu transporte, tales como desatoldado e atoldado, desmontaxe ou montaxe de laterais etc., serán por conta do transportador, ben que o cargador ou o expedidor deberá pór á súa disposición os medios persoais ou materiais necesarios para axudarlle a executar as ditas operacións.

4.16 Prazo para realizar a carga:

O prazo para realizar a carga do envío a bordo do vehículo será de dúas horas, contadas desde a súa posta á disposición polo transportador. Cando as partes pactasen a posta á disposición do vehículo a unha hora determinada, o prazo contará a partir da dita hora aínda que o transportador presentase o vehículo con anterioridade.

En ausencia de precisión por parte do cargador sobre os horarios de carga existentes no lugar en que esta se deba realizar, cando o prazo anteriormente sinalado non transcorrese completamente ás dezaioito horas, ou á hora de peche do correspondente establecemento se esta é posterior, o seu cómputo quedará suspendido ata as oito horas, ou ata a hora de apertura do establecemento se esta é anterior, do primeiro día laborable seguinte.

4.17 Indemnización por paralizacións na carga:

Cando o vehículo teña que esperar un prazo superior a dúas horas ata que se conclúa a súa carga e estiba, o transportador poderá exixir ao cargador unha indemnización en concepto de paralización.

Salvo que se pactase expresamente unha indemnización superior para este suposto, a paralización do vehículo por causas non imputables ao transportador, incluídas as operacións de carga, dará lugar a unha indemnización en contía equivalente ao indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem)/día multiplicado por 2 por cada hora ou fracción de paralización, sen que se teñan en conta as dúas primeiras horas nin se computen máis de dez horas diarias por este concepto. Cando a paralización do vehículo sexa superior a vinte e catro horas, o segundo día será indemnizado en contía equivalente á sinalada para o primeiro día, incrementada nun 25 por cento.

Cando a paralización do vehículo sexa superior a dous días, o terceiro día e seguintes serán indemnizados en contía equivalente á sinalada para o primeiro día, incrementada nun 50 por cento.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 22 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5. Transporte do envío

5.1 Custodia e transporte:

O transportador asume a obriga de conducir a destino o envío obxecto de transporte para a súa entrega ao destinatario.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 28.2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.2 Supostos de responsabilidade do transportador:

O transportador responderá da perda total ou parcial das mercadorías, así como das avarías que sufran, desde o momento en que as recibe do cargador ata que as entrega en destino. Así mesmo, o transportador responderá dos danos derivados do atraso na execución do transporte.

O transportador responderá dos actos e omisións dos auxiliares, dependentes ou independentes, a cuxos servizos recorra para o cumprimento das súas obrigas.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 47.1 e 3 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.3 Inicio da responsabilidade do transportador:

O transportador está obrigado a gardar e conservar as mercadorías, asumindo a responsabilidade polas perdas ou avarías que se produzan, desde que as recibe en orixe ata que as entrega en destino, de conformidade co estipulado nestas condicións xerais.

Nos casos en que non lle corresponda ao transportador realizar a carga e estiba, considerarase que recibiu o envío cando estea totalmente cargado e estibado no vehículo. Cando lle corresponda a el realizar estas operacións, desde que as inicie.

5.4 Itinerario do transporte:

Se cargador e transportador pactasen o camiño por onde se debe facer o transporte, o transportador non o poderá realizar por unha ruta distinta, salvo por causa de forza maior. De non o facer así, o transportador será responsable de todos os danos que sufran as mercadorías durante o transporte cando resulte probado que o cambio de ruta contribuíu a agravar os riscos do transporte.

En ausencia de pacto respecto á ruta que se vai seguir no transporte, o transportador deberá conducir o envío polo itinerario que resulte máis adecuado atendendo ás circunstancias da operación e ás características das mercadorías. De elixir outro distinto, será pola súa conta o aumento de custos que, se é o caso, iso implique, salvo causa de forza maior.

Cando, pola expresada causa de forza maior, o transportador tivese que seguir unha ruta distinta á que correspondería conforme o anteriormente sinalado, terá dereito a que se lle aboe o aumento de custos que isto lle puido ocasionar.

O disposto na primeira parte do segundo parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 28.2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.5 Determinación da lonxitude do itinerario:

Para os efectos sinalados na condición anterior, en principio considerarase máis adecuado o itinerario que supoña un percorrido máis curto entre a orixe e o destino do

transporte, salvo que exista outro cuxa utilización sexa evidentemente máis aconsellable tendo en conta as exigencias derivadas da seguridade viaria e das características da rede de estradas en relación coas do vehículo e a natureza das mercadorías transportadas.

De non existir acordo entre cargador e transportador sobre lonxitude do itinerario, observarase a medición oficial que teña feita a Administración.

5.6 Dereito de disposición:

O cargador ten dereito a dispor do envío durante o seu transporte. En particular, poderalle ordenar ao transportador que deteña o transporte, que devolva o envío á súa orixe ou que o entregue nun lugar ou a un destinatario diferente dos indicados na carta de porte.

Non obstante, ese dereito de disposición corresponderá ao destinatario cando así se pactase expresamente. Se o destinatario exerce este dereito ordenando entregar o envío a outra persoa, esta non pode designar, pola súa vez, un novo destinatario.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 29 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.7 Exercicio do dereito de disposición:

O exercicio do dereito de disposición está subordinado aos seguintes requisitos:

a) O cargador ou o destinatario deben presentar ao transportador o primeiro exemplar da carta de porte, no cal constarán as novas instrucións, e resarcilo dos gastos e danos que se ocasionen pola execución de tales instrucións.

b) A execución das novas instrucións debe ser posible no momento en que se comuniquen ao transportador, sen dificultar a explotación normal da súa empresa nin prexudicar cargadores ou destinatarios doutros envíos. En caso contrario, o transportador deberá comunicar inmediatamente a imposibilidade de cumprir tales instrucións a quen llas deu.

c) As instrucións non poderán ter como efecto a división do envío.

O transportador que non execute as instrucións que se lle deron nas condicións anteriormente sinaladas, ou que as executase sen exixir a presentación do primeiro exemplar da carta de porte, responderá dos prexuízos causados por este feito.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 30.1 e 2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.8 Extinción do dereito de disposición:

O dereito de disposición do cargador extínguese cando o segundo exemplar da carta de porte se entregue ao destinatario ou cando este reclame a entrega da mercadoría ou faga uso dos dereitos que lle corresponden en caso de perda ou atraso na entrega. A partir dese momento o transportador deberase someter ás instrucións do destinatario.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 30.3 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.9 Cumprimento das normas das administracións públicas:

Se, como consecuencia da infracción polo transportador de disposicións legais ou regulamentarias, a Administración adopta medidas que impidan a execución do transporte nas condicións contratadas, aquel responderá dos danos e perdas ocasionados por isto ao cargador ou ao destinatario.

O transportador quedará exento da dita responsabilidade contractual cando acredite que o cargador coñeceu a conduta infractora antes da súa comisión ou durante esta.

5.10 Imposibilidade de levar a cabo o transporte nas condicións pactadas:

Se o transporte non se pode levar a cabo nas condicións pactadas por causas debidamente xustificadas, o transportador comunicarallo ao cargador solicitándolle instrucións ao respecto.

Cando non resulte posible solicitar instrucións ao cargador ou, téndollas solicitado, estas non lle sexan impartidas, o transportador tomará aquelas medidas razoables e proporcionadas que considere adecuadas para o bo fin da operación, incluídas as de restituír o envío ao seu lugar de orixe, depositalo en almacén seguro ou conducilo ao seu punto de destino en condicións diferentes. Para estes efectos, o transportador poderá apreciar a falta de instrucións do cargador se transcorren máis de dúas horas desde que as solicitou sen recibilas.

Os gastos e os prexuízos derivados da solicitude e execución de instrucións ou, se é o caso, da falta destas ou do atraso na súa emisión serán por conta do cargador, a non ser que houbese culpa do transportador.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 31 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.11 Depósito das mercadorías:

Cando nalgún dos casos sinalados na condición anterior, o transportador decida depositar as mercadorías, poderá adoptar algunha das seguintes decisións:

a) Descargar inmediatamente as mercadorías por conta de quen teña dereito sobre elas, facéndose cargo da súa custodia. Neste caso, manterase o réxime de responsabilidade establecido nestas condicións xerais.

b) Entregar as mercadorías en depósito a un terceiro. Neste caso, o transportador só responderá por culpa na elección do depositario.

c) Solicitar a constitución do depósito das mercadorías ante o órgano xudicial ou a xunta arbitral do transporte competente. Este depósito producirá para o transportador os efectos da entrega, considerándose rematado o transporte.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 44.1 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.12 Alleamento forzoso das mercadorías:

En calquera dos casos previstos nas condicións 5.10 e 5.11, o transportador poderá solicitar ante o órgano xudicial ou a xunta arbitral do transporte competente o alleamento das mercadorías, sen esperar instrucións de quen ten dereito sobre aquelas, se así o xustifican a súa natureza perecedeira ou o estado en que se encontren ou se os gastos de custodia son excesivos en relación co seu valor. Cando non se dean tales circunstancias, o transportador só poderá solicitar o alleamento das mercadorías se nun prazo razoable non recibiu de quen ten o poder de disposición sobre aquelas instrucións noutro sentido cuxa execución resulte proporcionada ás circunstancias do caso.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 44.2 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.13 Risco de perda ou dano das mercadorías:

Se, malia as medidas que se puideren ter adoptado, as mercadorías que integran o envío corresen o risco de perderse ou de sufrir danos graves, o transportador comunicarallo de inmediato ao cargador ou, se é o caso, ao destinatario e solicitaralles instrucións.

A persoa que impartise instrucións asumirá os gastos que deriven da súa solicitude e execución, a non ser que haxa culpa do transportador.

O transportador poderá solicitar ante o órgano xudicial ou a xunta arbitral do transporte competente a venda das mercadorías sen esperar instrucións, cando así o xustifique a súa natureza ou estado. O produto desa venda quedará á disposición de quen corresponda, logo de dedución do prezo do transporte e dos gastos ocasionados.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 32 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

5.14 Aplicación do resultado da venda:

O produto da venda das mercadorías alleadas de acordo co previsto nas condicións anteriores deberá ser posto á disposición de quen ten dereito sobre elas, unha vez descontados os gastos causados e as obrigas que deriven do contrato de transporte. Se esas cantidades son superiores ao produto da venda, o transportador poderá reclamar a diferenza.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 45 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

6. Entrega do envío en destino

6.1 Prazo e lugar de entrega do envío ao destinatario:

O transportador deberá entregar o envío ao destinatario no lugar e prazo pactados no contrato.

En defecto de prazo pactado, o envío deberá ser entregado ao destinatario dentro do prazo que razoablemente empregaría un transportador dilixente en realizar o transporte, atendendo ás circunstancias do caso.

Neste suposto, terase en conta unha velocidade media de desprazamento do vehículo de 20 quilómetros por hora, e ao prazo resultante engadiranse os períodos de descanso obrigatorio do condutor que correspondan, o tempo necesario para o cumprimento das formalidades administrativas que, se é o caso, resulten obrigatorias e das operacións complementarias solicitadas polo remitente.

O prazo de entrega empeza a correr coa recepción do envío para o seu transporte. Prorrogarase polo tempo que o envío estea detido por causa non imputable ao transportador e o seu cómputo suspenderase os días festivos e os inhábiles para circular. Cando non conste a hora en que o transportador recibiu o envío, o dito prazo comezará a contar desde as cero horas do día seguinte á recepción do envío polo transportador.

Cando o prazo total do transporte expire despois das dezoito horas dun día, o envío deberá ser posto á disposición do destinatario non máis tarde das nove horas do seguinte, ou do momento de apertura do correspondente establecemento cando este se leve a cabo despois da dita hora, do primeiro día laborable que siga á expiración do prazo.

O disposto nos dous primeiros parágrafos e no cuarto parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polos artigos 33.1 e 33.4, respectivamente, da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

6.2 Documentación da entrega en destino:

O destinatario poderá exixir que o envío lle sexa entregado xunto co segundo exemplar da carta de porte. O transportador poderá exixir ao destinatario que lle expida no seu exemplar da carta de porte, ou en documento separado asinado por ambos, un recibo sobre as mercadorías entregadas.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 12 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

6.3 Dereitos do destinatario:

O destinatario poderá exercer fronte ao transportador os dereitos derivados do contrato de transporte desde o momento en que, chegado o envío a destino ou transcorrido o prazo en que debería chegar, solicite a súa entrega.

O destinatario que se valla do disposto no parágrafo anterior estará obrigado a facer efectivo o prezo do transporte e os gastos causados ou, en caso de disputa sobre estes conceptos, a prestar a caución suficiente.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 35 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

6.4 Entrega contra reembolso:

Cando se pactase que o envío unicamente se entregue ao destinatario a cambio de que este pague unha cantidade de diñeiro, o transportador deberaa percibir en efectivo ou por outro medio expresamente autorizado. Se o destinatario non fai efectivo o reembolso considerárase refusedo o envío e será de aplicación o disposto na condición seguinte.

Recibido o reembolso, o transportador deberá entregar o cobrado ao cargador ou á persoa designada por este no prazo de dez días, salvo que se pactase outro maior.

O transportador que entregue o envío sen cobrar a cantidade pactada responderá fronte ao cargador ata o importe do reembolso, sen prexuízo do seu dereito de repetir contra o destinatario.

A anulación do reembolso ou a modificación da súa contía polo cargador rexeranse polas regras sobre o exercicio do dereito de disposición contidas nas condicións 5.6 e seguintes.

O pagamento da prima de reembolso, que se facturará separadamente do prezo do transporte, corresponderá ao obrigado ao pagamento do transporte.

O disposto nos tres primeiros parágrafos desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 42 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

6.5 Incidencias na entrega:

Cando non se realice a entrega por non estar o destinatario no domicilio indicado na carta de porte, por non facerse cargo do envío nas condicións establecidas no contrato, por non realizar a descarga cando lle correspondía facelo ou por negarse a asinar o documento de entrega, o transportador farallo saber ao cargador no prazo máis breve posible e agardará as súas instrucións.

Se o impedimento cesa antes de que o transportador recibise instrucións, entregará o envío ao destinatario, notificándollo inmediatamente ao cargador.

O transportador ten dereito a exixir do cargador o pagamento dos gastos e prexuízos que lle ocasionen a petición e execución de instrucións, así como o atraso ou a falta de instrucións, a menos que estes gastos sexan causados pola súa culpa.

Se xorden impedimentos á entrega despois de que o destinatario dese orde de entregar o envío a unha terceira persoa no exercicio do seu dereito de disposición, o destinatario substitúe o cargador e o terceiro o destinatario para efectos do disposto nesta condición.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 36.1, 2, 3 e 4 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

6.6 Depósito e alleamento das mercadorías por incidencias na entrega:

Se non fose posible solicitar novas instrucións ao cargador, ou se esas instrucións non fosen impartidas por este no prazo acordado polas partes, o transportador poderá proceder conforme se establece na condición 5.10.

Cando nada se pactase para o efecto, o transportador poderá apreciar a falta de instrucións do cargador se transcorren máis de dúas horas desde que as solicitou sen recibilas.

Serán de aplicación neste suposto idénticas regras ás recollidas nas condicións 5.11, 5.12 e 5.14.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 36.5 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

6.7 Acceso aos lugares de entrega do envío: cando a entrega do envío en destino se deba facer no recinto dun almacén, depósito, obra ou establecemento comercial ou industrial, o transportador deberá cumprir as instrucións relativas ao acceso e saída, circulación interior e colocación do vehículo que, se é o caso, lle sexan previamente impartidas polo cargador, o expedidor ou o destinatario en idénticos termos aos previstos na condición 4.2.

6.8 Descarga das mercadorías:

A descarga do vehículo será por conta do destinatario, salvo que o transportador asumise expresamente realizar a dita operación antes da efectiva presentación do vehículo en destino no momento da finalización da viaxe.

O destinatario soportará as consecuencias dos danos derivados das operacións que lle corresponda realizar de conformidade co sinalado no parágrafo anterior.

Estas regras non se aplicarán cando a normativa reguladora de determinados tipos de transporte estableza especificamente outra cousa.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 20.1, 2 e 4 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

6.9 Manipulación do vehículo para a súa descarga: en relación coas operacións que se deban realizar no vehículo ou cos seus elementos para a súa descarga, serán de aplicación idénticas regras ás previstas na condición 4.15, ben que as referencias que alí se fai ao cargador ou expedidor se deberán entender aquí referidas ao destinatario.

6.10 Prazo para realizar a descarga:

Cando corresponda ao destinatario efectuar a descarga do envío, disporá para iso dun prazo de dúas horas, contadas desde a chegada do vehículo ao lugar en que deba ser descargado, salvo que as partes pactasen a entrega do envío ao destinatario a unha hora determinada, caso en que contarán a partir daquela aínda que o vehículo chegue con anterioridade.

En ausencia de precisión por parte do cargador sobre os horarios de descarga existentes no lugar en que esta se deba realizar, cando os prazos anteriormente sinalados non transcorresen completamente ás dezoito horas ou á hora de peche do correspondente establecemento se esta é posterior, o seu cómputo quedará suspendido ata as oito horas, ou ata a hora de apertura do dito establecemento se esta é anterior, do primeiro día laborable seguinte.

Cando o destinatario incumpra o prazo anteriormente sinalado, o transportador poderá exixir ao cargador unha indemnización en concepto de paralización do vehículo nos termos e contías previstos na condición 4.17.

O disposto no último parágrafo dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 22 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7. Perdas, avarías ou atraso na entrega

7.1 Reservas por perdas, avarías ou atraso na entrega:

Cando considere que as mercadorías sufriron perdas ou avarías durante o transporte, o destinatario deberá manifestar por escrito as súas reservas ao transportador ou aos seus auxiliares, describindo de forma xeral a perda ou avaría, no momento da entrega.

En caso de avarías e perdas non manifestadas, as reservas deberanse formular dentro dos seguintes sete días naturais á entrega.

Cando non se formulen reservas, presumirase, salvo proba en contrario, que as mercadorías se entregaron no estado descrito na carta de porte.

A reserva non será necesaria cando o transportador e o destinatario examinasen a mercadoría conxuntamente e estivesen de acordo sobre o seu estado e as causas que o motivan.

Na falta de acordo, poderán proceder ao recoñecemento das mercadorías conforme o disposto na condición 4.11.

O atraso tan só dará lugar a indemnización cando se dirixisen reservas escritas ao transportador no prazo de vinte e un días desde o seguinte ao da entrega do envío ao destinatario.

As reservas por perdas, avarías ou atraso que se deban dirixir ao transportador poderanse realizar tanto ante este como ante o transportador efectivo e producirán efecto fronte a ambos. Se as reservas se dirixen exclusivamente a un dos transportadores, este estará obrigado a comunicarllo ao outro. En caso contrario, aquel responderá fronte a este dos danos e perdas que lle cause tal falta de comunicación.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 60 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.2 Indemnización por atraso:

En caso de atraso, indemnizarase o prexuízo que se probe que ocasionou o dito atraso.

Hai atraso cando o envío se entregue despois do prazo pactado ou, no seu defecto, cando transcorran os prazos determinados na condición 6.1.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 56 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.3 Estado das mercadorías no momento de entrega ao destinatario:

A mercadoría transportada deberá ser entregada ao destinatario no mesmo estado en que estaba ao ser recibida polo transportador, sen perda nin menoscabo ningún, atendendo ás condicións e á descrición desta que resultan da carta de porte.

Se o transportador e o destinatario non conseguen pórse de acordo sobre o estado das mercadorías entregadas ou as causas que motivaron os danos, poderán dispor o seu recoñecemento por parte dun perito designado para tal efecto por eles mesmos ou polo órgano xudicial ou a xunta arbitral do transporte que corresponda.

Cando non se conformen co ditame pericial que, se é o caso, se realízase nin transixan doutro xeito as súas diferenzas, cada unha das partes usará do seu dereito como corresponda.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 34 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.4 Indemnización por perdas:

En caso de perda total ou parcial das mercadorías, a contía da indemnización virá determinada polo valor das non entregadas, tomando como base o valor que tiñan no momento e lugar en que o transportador as recibiu para o seu transporte.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 52 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.5 Indemnización por avarías:

En caso de avarías, o transportador estará obrigado a indemnizar a perda de valor que experimenten as mercadorías.

A indemnización equivalerá á diferenza entre o valor das mercadorías no momento e lugar en que o transportador as recibiu para o seu transporte e o valor que esas mesmas mercadorías terían coas avarías en idéntico tempo e lugar.

Cando as avarías afecten a totalidade das mercadorías transportadas, a indemnización non poderá exceder a debida en caso de perda total.

Cando as avarías ocasionen a depreciación de tan só unha parte das mercadorías transportadas, a indemnización non poderá exceder a cantidade que correspondería en caso de perda da parte depreciada.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 53 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.6 Valor das mercadorías:

O valor das mercadorías determinarase atendendo ao prezo de mercado ou, no seu defecto, ao valor de mercadorías da súa mesma natureza e calidade. En caso de que as mercadorías fosen vendidas inmediatamente antes do transporte, presumirase, salvo pacto en contrario, que o seu valor de mercado é o prezo que aparece na factura de venda, deducidos os custos do transporte que, se é o caso, figuren na dita factura.

Cando o cargador xunte unha factura deberá acreditar de forma suficiente que é a que efectivamente lle foi presentada para o cobramento polo vendedor.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 55 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.7 Supostos de equiparación a perda total:

O destinatario poderá refugar facerse cargo das mercadorías cando lle sexa entregada tan só unha parte das que compoñen o envío e probe que non as pode usar sen as non entregadas.

Idéntico dereito asistirá ao destinatario nos casos de avarías, cando estas fagan que as mercadorías resulten inútiles para a súa venda ou consumo, atendendo á natureza e uso corrente dos obxectos de que se trate.

Tamén se poderán considerar perdidas as mercadorías cando transcorresen vinte días desde a data convida para a entrega do envío en destino sen que esta se efectuase; ou, na falta de prazo, cando transcorresen trinta días desde que o transportador se fixo cargo daquel.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 54 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.8 Reembolso doutros gastos:

En caso de perda ou avaría total, ademais da indemnización que proceda, serán reintegrados na súa totalidade o prezo do transporte e os demais gastos devindicados con ocasión del. Se a perda ou avaría é parcial, reintegraranse a pro rata.

En ambos os casos, os gastos de salvamento en que incorrese o cargador ou destinatario reintegraranse tamén, sempre que fosen razoables e proporcionados.

Non se resarcirá ningún outro dano ou perda.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 58 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.9 Causas de exoneración:

O transportador non responderá dos feitos mencionados na condición 5.2 se proba que a perda, a avaría ou o atraso foron ocasionados por culpa do cargador ou do destinatario, por unha instrución destes non motivada por unha acción negligente do transportador, por vicio propio das mercadorías ou por circunstancias que o transportador non puido evitar e cuxas consecuencias non puido impedir.

En ningún caso poderá alegar como causa de exoneración os defectos dos vehículos empregados para o transporte.

Cando o dano sexa debido simultaneamente a unha causa que exonera de responsabilidade o transportador e a outra da cal deba responder, só responderá na medida en que esta última contribuíse á produción do dano.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 48 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.10 Presuncións de exoneración:

O transportador quedará exonerado de responsabilidade cando probe que, atendidas as circunstancias do caso concreto, a perda ou avaría puideron resultar verosimilmente dalgún dos seguintes riscos:

- a) Emprego de vehículos abertos e non atoadados, cando tal emprego fose convido ou acorde co costume.
- b) Ausencia ou deficiencia na embalaxe de mercadorías, a causa das cales estas quedan expostas, pola súa natureza, a perdas ou danos.
- c) Manipulación, carga, estiba, desestiba ou descarga realizadas, respectivamente, polo cargador ou polo destinatario, ou persoas que actúen por conta dun ou outro.
- d) Natureza de certas mercadorías expostas por causas inherentes a ela mesma á perda total ou parcial ou avarías, debidas especialmente a rotura, mofo, ferruxe, deterioración interna e espontánea, diminución, derramamento, desecamento ou acción da couza e roedores.
- e) Deficiente identificación ou sinalización dos vultos.
- f) Transporte de animais vivos de acordo co previsto na condición seguinte.

Non obstante, o lexitimado para reclamar poderá probar que o dano non foi causado, en todo ou en parte, por ningún de tales riscos. Cando resulte probado que o dano foi parcialmente causado por unha circunstancia imputable ao transportador, este só responderá na medida en que esta contribuíse á produción do dano.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 49 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.11 Transporte de animais vivos:

Nos transportes de animais vivos o transportador tan só poderá invocar ao seu favor a presunción de exoneración da condición anterior cando probe que, tendo en conta as circunstancias do transporte, adoptou as medidas que normalmente lle incumben e seguiu as instrucións especiais que puideren terlle sido impartidas.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 50 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.12 Transporte con vehículos especialmente acondicionados:

Cando o transporte fose contratado para realizarse por medio de vehículos especialmente acondicionados para controlar a temperatura, a humidade do aire ou outras condicións ambientais, o transportador tan só poderá invocar no seu favor a presunción de que a causa da perda ou avaría foi a natureza das mercadorías cando probe que tomou as medidas que lle incumbían en relación coa elección, mantemento e emprego das instalacións do vehículo, e que se someteu ás instrucións especiais que, se é o caso, lle foron impartidas.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 51 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.13 Recuperación das mercadorías perdidas:

O que fose indemnizado pola perda das mercadorías poderá pedir por escrito, no momento de recibir a indemnización, que o avisen inmediatamente en caso de que reaparezan no período dun ano. O transportador expediralle un recibo facendo constar a súa petición.

No prazo de trinta días desde o aviso, poderase exixir a entrega das mercadorías reaparecidas, logo de pagamento das cantidades previstas na carta de porte, se a houber,

e a restitución da indemnización recibida, feita a dedución dos gastos resarcibles, todo isto sen prexuízo do dereito á indemnización por atraso na entrega conforme esta lei.

En defecto de petición de aviso ou de instrucións para a entrega ou, en calquera caso, cando a mercadoría reapareza despois dun ano contado desde o pagamento da indemnización, o transportador disporá libremente da mercadoría.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 59 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.14 Límites da indemnización:

A indemnización por perda ou avaría non poderá exceder un terzo do indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem)/día por cada quilogramo de peso bruto de mercadoría perdida ou avariada.

A indemnización polos prexuízos derivados de atraso non excederá o prezo do transporte.

En caso de concorrencia de indemnizacións por varios destes conceptos, o importe total que deberá satisfacer o transportador non superará a suma debida en caso de perda total das mercadorías.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 57 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.15 Perda do beneficio de limitación:

Non se aplicarán as regras destas condicións que exclúan ou limiten a responsabilidade do transportador ou que invertan a carga da proba, cando o dano ou perda fose causado por el ou polos seus auxiliares, dependentes ou independentes, con actuación dolosa ou cunha infracción consciente e voluntaria do deber xurídico asumido que produza danos que, sen seren directamente queridos, sexan consecuencia necesaria da acción.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 62 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

7.16 Declaración de valor e de interese especial na entrega:

O cargador pode declarar na carta de porte, contra o pagamento dun suplemento do prezo do transporte que se convirá co transportador, o valor das mercadorías, que substituirá o límite de indemnización previsto na condición 7.14 sempre que sexa superior a el.

Igualmente o cargador pode declarar na carta de porte, contra o pagamento dun suplemento do prezo do transporte que se convirá co transportador, o montante dun interese especial na entrega do envío, para os casos de perda, avaría ou atraso na entrega. A declaración permitirá reclamar, con independencia da indemnización ordinaria, o resarcimento dos prexuízos que probe o titular das mercadorías ata o importe do interese especial declarado.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, as partes do contrato de transporte poderán acordar o aumento do límite de indemnización previsto na condición 7.14. O acordo dará dereito ao transportador a reclamar un suplemento do porte, que se convirá entre as partes.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 61 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

8. Regras especiais para os contratos de transporte continuado

8.1 Transporte continuado:

Mediante o contrato de transporte continuado, o transportador está obrigado fronte a un mesmo cargador a realizar unha pluralidade de envíos de forma sucesiva no tempo.

O número, frecuencia, características e destino dos envíos poderanse determinar no momento de contratar ou antes do seu inicio.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 8 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

8.2 Formalización dos contratos de transporte continuado:

O contrato de transporte continuado formalizarase por escrito cando o exixa calquera das partes.

Este contrato servirá de marco ás cartas de porte que se deban emitir para concretar os termos e condicións de cada un dos envíos a que deu lugar.

Cando a parte contratante requirida a formalizar por escrito o contrato se negue a isto, a outra poderaa considerar desistida deste, cos efectos que, se é o caso, correspondan de conformidade co disposto nas condicións 4.3 e 4.4.

Para os efectos do disposto na normativa reguladora do traballo autónomo, o contrato de transporte continuado celebrado cun traballador autónomo economicamente dependente deberase celebrar por escrito e de conformidade coa dita normativa.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 16 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

8.3 Revisión do prezo inicialmente pactado:

Salvo pacto en contrario, nos contratos de transporte continuado aplicaranse de forma automática os incrementos ou reducións determinados pola aplicación das fórmulas previstas na condición 3.4 con carácter trimestral en relación co prezo inicialmente pactado, sexa cal for a porcentaxe en que variase o prezo do gasóleo.

Sen prexuízo do anterior, en calquera outro caso en que se prevea que durante o período de vixencia do acordo se puido producir algún cambio do prezo inicialmente acordado, poderase pactar un prazo razoable de aviso previo en que aquela das partes intervinientes que propoña a súa modificación deberá pólo en coñecemento da outra.

O disposto no primeiro parágrafo desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 38.3 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

8.4 Pagamento periódico do prezo dos servizos:

Nos contratos de transporte continuado, se as partes acordasen o pagamento periódico do prezo do transporte e dos gastos relativos aos sucesivos envíos, o dito pagamento non será exigible ata o vencemento do prazo convindo.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 39.3 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

8.5 Extinción dos contratos de transporte continuado:

Os contratos de transporte continuado que teñan un prazo de duración determinado extinguiranse polo transcurso deste, salvo prórroga ou renovación. Se non se determinou prazo, entenderase que foron pactados por tempo indefinido.

Os contratos pactados por tempo indefinido extinguiranse mediante a denuncia feita de boa fe por calquera das partes, que se notificará á outra por escrito, ou por calquera outro medio que permita acreditar a constancia da súa recepción, cun prazo de antelación razoable, que en ningún caso poderá ser inferior a trinta días naturais.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 43 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

9. *Regras especiais para os contratos de transporte de paquetería e similares*

9.1 Carga e descarga na paquetería:

Nos servizos de paquetería e calquera outro similar que implique a recollida ou repartición de envíos de mercadorías consistentes nun reducido número de vultos que

poidan ser facilmente manipulados por unha persoa sen outra axuda que as máquinas ou ferramentas que leve a bordo o vehículo utilizado, as operacións de carga e descarga, salvo que se pacte outra cousa, serán por conta do transportador.

Nesta clase de servizos, a estiba e desestiba das mercadorías corresponderán, en todo caso, ao transportador. O transportador soportará as consecuencias dos danos causados nas operacións que lle corresponda realizar.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 20.3 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

9.2 Prazo de entrega da mercadoría ao destinatario: nos servizos de paquetería e similares en que sexa necesario acumular varios envíos para completar a carga dun vehículo, o prazo de entrega de cada envío ao seu destinatario, cando non se establecese expresamente, determinarase sumando vinte e catro horas ao resultado de aplicar as regras sinaladas na condición 6.1, parágrafo terceiro.

9.3 Depósito e alleamento de envíos de paquetería:

No caso do transporte de paquetería ou similar en que non se realizase declaración de valor, o transportador que optase por descargar a mercadoría, conforme a condición 6.6, poderá entender abandonado o correspondente envío se, transcorridos tres meses desde a data en que por primeira vez intentou a súa entrega ao destinatario, non recibiu instrucións ao respecto de quen teña o poder de disposición sobre aquel.

Neste caso, o transportador poderá ocupalo e proceder ao alleamento da mercadoría, aplicando o produto da venda a cubrir o prezo e os gastos do transporte e os gastos de almacenaxe que se xeraron ata ese momento. No caso de que o valor venal da mercadoría fose ínfimo, o transportador poderaa destruír e reclamar contra o cargador o importe total do debido por razón do transporte e da almacenaxe. Para todo o anterior, o transportador poderá abrir e inspeccionar os vultos cuxo transporte se lle encomendou. O abandono do envío por parte de quen tivese o poder de disposición sobre el non prexudicará o transportador, quen, tanto no caso de ocupación e alleamento como no de destrución do envío, quedará libre de calquera reclamación formulada por terceiros que sosteñan algún dereito sobre a mercadoría.

O previsto nesta condición non resulta de aplicación aos envíos postais.

O disposto nos dous primeiros parágrafos desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 44.3 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

10. Regras especiais para os contratos de transporte de mercadorías perigosas

10.1 Suxeitos do contrato de transporte de mercadorías perigosas: para a aplicación destas condicións xerais aos contratos de transporte de mercadorías perigosas, deberase entender que todas as referencias ao expedidor contidas no Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas e no resto da lexislación especial na materia están feitas ao cargador definido na condición 1.4, e as que a dita lexislación contén en relación co cargador deberanse entender feitas ao expedidor definido na condición 1.7.

10.2 Documentación do transporte de mercadorías perigosas:

Se o cargador lle entrega ao transportador mercadorías perigosas, deberá especificar a natureza exacta do perigo que representan, indicándolle as precaucións que debe tomar. En caso de que este aviso non fose consignado na carta de porte, recaerá sobre o cargador ou destinatario a carga da proba de que o transportador tivo coñecemento da natureza exacta do perigo que presentaba o transporte desas mercadorías.

O transportador que non fose informado da perigosidade das mercadorías non estará obrigado a continuar o transporte e poderá descargarlas, depositalas, neutralizar o seu perigo, devolvelas á súa orixe ou adoptar calquera outra medida que resulte razoable en

atención ás circunstancias do caso. O transportador deberallo comunicar inmediatamente ao cargador, o cal asumirá os gastos e danos derivados de tales operacións.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 24 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

10.3 Descarga de combustibles exclusivamente utilizados para usos domésticos: salvo pacto en contrario, será responsabilidade do transportista a descarga de combustibles exclusivamente utilizados para usos domésticos, entendéndose como tal o destinado ao queimado de auga sanitaria, calefacción e cociñas, de acordo co establecido no artigo 27 do Real decreto 551/2006, do 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español.

11. Regras especiais para os contratos de transporte con transportadores sucesivos

11.1 Contrato con transportadores sucesivos:

Cando diversos transportadores estean obrigados simultaneamente, en virtude dun único contrato documentado nunha soa carta de porte, a executar sucesivos traxectos parciais dun mesmo transporte, todos eles responderán da execución íntegra deste, de acordo coas disposicións da carta de porte.

O segundo e os subseguintes transportadores quedarán obrigados en tales termos a partir do momento en que o transportador precedente lles faga entrega material das mercadorías e da carta de porte, na cal se deberá ter feito constar o seu nome e domicilio, e entregasen a aquel un recibo asinado e datado no cal conste a súa aceptación de ambas.

Cando o transportador que reciba as mercadorías doutro precedente considere necesario formular algunha reserva, deberaa facer constar no segundo exemplar da carta de porte, así como no recibo en que conste a súa aceptación.

Salvo pacto expreso en contra, considerarase que hai contrato de transporte sucesivo cando o cargador contrate cun transportador e na execución do transporte interveñan outros transportadores identificados polo mesmo nome comercial en virtude dunha relación de franquía, xa se trate do franqueador ou doutras empresas franqueadas.

O disposto nos tres primeiros números desta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 64 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

11.2 Exercicio de reclamacións:

No contrato con transportadores sucesivos, as accións derivadas do contrato unicamente poderán dirixirse contra o primeiro transportador, contra o último ou contra o que executou a parte do transporte en cuxo curso se produciu o feito en que se fundamenta a acción. Este dereito de opción extinguirase desde o momento en que o demandante exerza a súa acción contra un deles. A acción pódese interpor contra varios transportadores á vez.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 65 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.

11.3 Acción de repetición entre transportadores sucesivos:

O transportador que se viu obrigado a pagar unha indemnización en virtude do disposto na condición anterior ten dereito a repetir polo principal, xuros e gastos contra o resto dos transportadores que participaron na execución do contrato, e imputarase o custo da indemnización conforme as seguintes regras:

a) Cando o feito causante do dano sexa imputable a un único transportador, este deberá soportar o custo total da indemnización.

b) Cando o feito causante do dano sexa imputable a varios transportadores, cada un deles deberá soportar unha parte do custo da indemnización proporcional á súa cota de

responsabilidade; se non cabe valorar a dita responsabilidade, o custo repartirase en proporción ao prezo que a cada un corresponda polo transporte.

c) Se non se pode determinar quen son os transportadores responsables, o custo da indemnización repartirase entre todos os que interviñeron no transporte de forma proporcional ao prezo que corresponda por este.

d) Se un dos transportadores obrigado a asumir total ou parcialmente o custo da indemnización é insolvente, a parte que lle corresponda e que non fose pagada repartirase entre os demais obrigados en proporción á súa participación no prezo do transporte.

O transportador contra o cal se exerza o dereito de repetición non poderá formular protesta ou promover discusión polo feito de que o transportador contra o cal se presentou a reclamación pagase a indemnización cando esta fose fixada por decisión xudicial ou arbitral e este fose informado debidamente do proceso e do seu dereito a intervir nel.

O disposto nesta condición dítase en execución dos criterios marcados polo artigo 66 da Lei 15/2009, do 11 de novembro, do contrato de transporte terrestre de mercadorías.